

Respecto

O domingo pasado baixei á noite á pasear polas Avenidas. No meu percorrido atopeime coa gran cantidade de xente que participaba na procesión do Cristo do Sal. Milleiros de persoas acudiron a esta manifestación relixiosa, organizada meticulosamente pola Confraría do Cristo co apoio do concello. O primeiro que me sorprendeu foi o deseño das candeas que portaban algúns dos participantes, uns caperuzos plásticos que impedían que se derretase a cera: as novas tecnoloxías axudan a superar os inconvenientes daqueloutro sistema tradicional da “Cerería San José”, ubicada, durante tantos anos, na vella Casa de Arines. Esbozei un sorriso cando vin, á altura da Caixa de Aforros, os petos de “Cáritas”, colocados estratexicamente nas dúas fileiras da procesión, de xeito que tódolos participantes puidesen realizar a súa aportación económica.

Impresionoume, logo, cando xa se albiscaba a figura do Cristo, ver a algunhas mozas que camiñaban descalzadas sobre o asfalto, promesa a súa que me recordou a que anos atrás observara no santuario portugués de Fátima, cando choqueei cunha amplísima explanada percorrida de xeonllos por unha longa ringleira de mulleriñas humildes na procura dunha esperanza que a vida cotiá non lles proporciona. Iluso que son, pensaba que estas dolorosas penitencias formaban parte só da memoria dun tempo pasado, dun patrimonio etnográfico rural da romaxe dos Milagros de Amil, do Corpiño ou de cando as nosas avoas se ofrecían ao Cristo vestindo ao longo do ano enteiro aquel horrible hábito morado, sinal inequívoco de que unha enfermidade ou unha desgracia atormentaba á familia. O corazón fóiseme encollendo cos recitados, a maior parte deles en galego, que atroaban nos altofalantes, ubicados ó longo de todo o percorrido. Unha voz, que non conseguía identificar, repetía o valor permanente do Cristo para a cidade, á vez que trufaba a súa alocución entusiasta coas oracións (estas si, en castelán) que conseguían anular o ruído habitual da cidade.

Cando xa se achegaba a imaxe, arremuiñada de xentío, funme facendo un oquiño entre os curiosos que contemplaban a comitiva para non perder detalle. O director de Citroën portaba o estandarte, unha concelleira nova, tocada con mantilla española, levaba o pendón do concello e dúas ringleiras de relixiosos, vestidos coas súas mellores galas, precedían ás autoridades civís. Diante de todos eles, os señores da Irmandade desfilaban orgullosamente marciais, seguramente contaxiados pola música de cornetas e tambores da agrupación da Policía Militar que escoltaba ó paso. O alcalde, franqueado por dous conselleiros (estamos en ano electoral), o presidente da deputación, o subdelegado do goberno, concelleiros e outros representantes da administración civil pechaban a comitiva.

Mentres a procesión abandonaba Colón, unha profunda melancolía foime invadindo. ¿Era certo todo o que acababa de presenciar? ¿É posible que unha manifestación, inequivocamente relixiosa, puidera ser confundida cun acto cívico de inescusable asistencia? ¿Cales son as verdadeiras razóns que levan a estes milleiros de persoas a acudir a esta convocatoria? ¿Os profundos cambios que se veñen producindo na nosa sociedade non afectaron a un rito que ten tan claras connotacións simbólicas cun tempo afortunadamente vencido?

Podo comprender que as autoridades civís se vexan obrigadas a asistir ó palco de Balaídos ou ó do concurso hípico (iso, a verdade, enténdoo menos), a pesar de que nin disfruten co fútbol nin sexan afeccionados ós saltos de cabalos. Enténdoo, porque son compromisos sociais que van incluídos no seu soldo. Sen embargo, non consigo entender porqué participan nun acto dunha confesión relixiosa, por importante e presente que esta sexa na nosa comunidade, cando vivimos nun estado que queremos constitucionalmente laico e respectuoso coas crenzas relixiosas de todos. Por respecto ós crentes e seguidores da Igrexa Católica, por respecto ós que non o somos, o pasado domingo o alcalde e os conselleiros deberon quedar na casa, a menos que, se son crentes, quixeran engrosar as filas dos que alumbraban. A procesión do Cristo é un acto relixioso, non é un acto cívico nin un compromiso social para ninguén.

(Nº 104. Publicado en *Faro de Vigo* 12-08-01)